

REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS

PROGRAMACIÓN  
JAZZ

redes **ons**  
JAZZ

2006

XUNTA DE GALICIA



**ESPECTÁCULOS  
AO VIVO**

# PENSADOS PARA TI



**REDE GALEGA  
DE TEATROS  
E AUDITORIOS**



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

**IGAEM**

Instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais



## Déixate enredar... pola música

Temos algo que ofrecerche: emoción. Ao vivo, diante dos teus ollos, irrepitible. Onde a vida latexa segundo a segundo, onde muda en harmonías, melodías, ritmos, texturas... que acontecen pensadas para ti. Achégate e déixate seducir. Propostas diversas e plurais para públicos tamén diversos e plurais. Que nos axudan a vivir. Que nos dan respostas e, sobre todo, nos deixan no corpo preguntas. Valores para o día a día. Que nos moven: conmoven. Con calidade e paixón. Só cando ti estás diante, ou dentro. Déixate enredar... pola música.

**A Rede Galega de Teatros e Auditorios** é o principal circuíto de exhibición de artes escénicas e musicais de Galicia, unha rede de espazos na que se desenvolven diferentes programacións de teatro, monicreques, danza, música e maxia. Creada polo IGAEM, intégrana actualmente 45 concellos e entidades de todo o país.

## Arteixo

### Centro Cívico Cultural

xoves, 14 de decembro *Baixo a chuvia*

Estíbaliz Espinosa

venres, 15 de decembro *Anacaona*

Anacaona Latín Jazz Quarter

sábado, 16 de decembro *Dixie*

Mr. Dixie Jazz Band

Todas as funcións serán ás 21.00 h

## Sada

### Casa da Cultura Pintor Llorens

sábado, 11 de novembro *Cinemuse* | Estíbaliz Espinosa

sábado, 18 de novembro *Anacaona*

Anacaona Latín Jazz Quarter

sábado, 25 de novembro *Monkillos* | Monkillos

Todas as funcións serán ás 21.00 h



## San Sadurniño

### Centro Sociocultural

---

**venres, 6 de outubro** *Afro-Cuban Latin Jazz*

Distrito Latino

**venres, 3 de novembro** *Miki Nervio & The bluesmakers  
en concerto*

Miki Nervio & The bluesmakers

**venres, 1 de decembro** *Monkillos*

Monkillos

Todas as funcións serán ás 21.00 h

## Foz

### Casa da Cultura Poeta Manuel María

---

**sábado, 4 de novembro** *Miki Nervio & The bluesmakers  
en concerto*

Miki Nervio & The bluesmakers

**sábado, 11 de novembro** *Anacaona*

Anacaona Latin Jazz Quarter

**venres, 24 de novembro** *Roberto Somoza Cuarteto*

Roberto Somoza Cuarteto

Todas as funcións serán ás 20.00 h



## Ribadeo

### Auditorio Municipal Hernán Naval

---

- venres, 27 de outubro** *Fuera*  
Carmen Rey | 22.00 h
- venres, 10 de novembro** *Sol de Farofa*  
Sol de farofa | 22.00 h
- venres, 1 de decembro** *Miki Nervio & The bluesmakers en concerto*  
Miki Nervio & The bluesmakers  
22.00 h
- venres, 15 de decembro** *Baixo a chuvia*  
Estíbaliz Espinosa | 20.00 h

## Viveiro

### Teatro Pastor Díaz

---

- sábado, 9 de decembro** *Improvía*  
Improvía
- sábado, 16 de decembro** *A herdanza do blues*  
Fan Jazz
- sábado, 23 de decembro** *A voltas co Ragtime*  
Hot 3 SSS





## Xove

### Casa da Cultura do Centro Cívico de Xove

---

- martes, 14 de novembro** *Clásicos en clave de jazz*  
Jazzic Duetto | 15.00 h
- xoves, 30 de novembro** *Miki Nervio & The bluesmakers en concerto*  
Miki Nervio & The bluesmakers  
12.00 h
- sábado, 2 de decembro** *Violín e Jazz*  
Jazzoline Class | 20.00 h

## Gondomar

### Auditorio Municipal Luis Tobío

---

- sábado, 30 de setembro** *Standards de jazz (anos 40, 50, 60)*  
Jazz Vides Quarter
- sábado, 7 de outubro** *Miki Nervio & The bluesmakers en concerto*  
Miki Nervio & The bluesmakers
- mércoles, 11 de outubro** *Anacaona*  
Anacaona Latin Jazz Quarter

Todas as funcións serán ás 22.30 h



## Vilagarcía

### Auditorio Municipal

---

xoves, 26 de outubro **Monkillos**

Monkillos

sábado, 4 de novembro **Simetrías**

Abe Rábade Jazz

sábado, 18 de novembro **No jazz**

Carlos Segovia No Jazz Trío

sábado, 25 de novembro **Afro-Cuban Latin Jazz**

Distrito Latino

Todas as funcións serán ás 21.00 h



# ***concertos***

## Afro-Cuban Latin Jazz

### Distrito Latino

**Director** Leonel Aleaga

**Intérpretes** Óscar Rodríguez, contrabaixo (Cuba); Antonio Monano, piano (Galicia); Leonel Aleaga, voz e percusión (Cuba); Xoán Rodríguez (Galicia)

O espectáculo contén temas estándar de latin jazz e algúns de creación propia da banda.

#### Programa

*Mambo Influenciado* (Chucho Valdés)  
*Tumbaio pa mi timbal* (Toni Martínez)  
*Afroblues* (Mongo Santamaría)  
*Pa'lo latino* (Toni Martínez)  
*Blues for Astor* (Paquito de Rivera)  
*Fly to Jordan* (Mongo Santamaría)

## A herdanza do blues

### Fan Jazz

**Directores** Carlos Calviño, Javier Constenla

**Intérpretes** Carlos Calviño, guitarras; Javier Constenla, teclado; J. Luis Lorenzo, baixo; Carlos Bastón, batería

Fan Jazz consegue que o público goce da cercanía de temas emblemáticos da historia da música moderna.

#### Programa

*A garota de Ipanema*  
*All the things you are*  
*Take five*  
*I shoot the sheriff*  
*Impressions...*

## Anacaona

### Anacaona Latin Jazz Quarter

**Intérpretes** Gastón Rodríguez, guitarra;  
Quique Alvarado, baixo; Pablo, saxo;  
Fernando, batería

Anacaona Latin Jazz está formada por músicos consagrados e de recoñecido prestixio, gañando a base dunha longa vida nos escenarios de todo o mundo, e son destacados profesores nas mellores escolas de música da Coruña e Santiago. O seu líder é Quique Alvarado.

*Anacaona*, música quente e chea de raíces, jazz asequible a todos, aderezada coa mestría destes catro virtuosos instrumentistas. Sen dúbida, deixarán ao público con moi bo sabor de boca e serán a delicia de todos.

#### Programa

*Mambo inn*

*Guachi Guaro*

*A nighth in tumisia*

*Caravan*

*Equinox*

*My litle suede shoes*

*Song for my fathers*

*Wane*

*As in morning*

## A voltas co Ragtime

### Hot 3 SSS

**Director** Guillermo Lancelotti

**Intérpretes** Guillermo Lancelotti,  
trompeta; Quique Alvarado,  
contrabaixo; Juan Cabe, baixo e  
guitarra

Os ritmos usados por este grupo son a orixe de toda a música moderna: jazz, rock, blues..., música dunha aparencia sinxela pero que se-gue a proporcionarnos elementos para a creatividade no século XXI.

## **Baixo a chuva** *Estíbaliz Espinosa*

**Directora** Estíbaliz Espinosa

**Intérpretes** Estíbaliz Espinosa, voz;  
Rupert Twine, piano

A cantante solista Estíbaliz Espinosa destaca pola singularidade e calidez da súa voz, que dota de gran forza á súa interpretación, concebida como espectáculo teatral. Interpreta estándares de jazz e temas de cabaret, e o groso do concerto está constituído polos grandes temas do cine de todos os tempos desde unha perspectiva galega e, ao tempo, universalizadora.

## **Cinemuse** *Estíbaliz Espinosa*

**Directora** Estíbaliz Espinosa

**Intérpretes** Estíbaliz Espinosa, voz;  
Rupert Twine, piano

Cinemuse ofrece un percorrido por grandes temas do jazz, do cabaret berlinés e parisiense e por temas de bandas sonoras e de musicais de todo o século XIX.

## Clásicos en clave de jazz

### Jazzic Duetto

**Dirección** Jazzic Duetto

**Intérpretes** Ricardo Casás, saxo; Rupert Twine, piano

Dúo de saxo-piano.

Ricardo Casás ao saxo acompañado ao piano por Rupert Twine achégannos aos grandes temas da música clásica cun toque de encanto e jazz.

#### Programa

##### 1ª parte

*Himno puer natus* (Gregoriano)

Canon (J. Pachelbel)

*Adagio* (T. Albinoni)

*Sonata patética* (L.V. Beethoven)

*Jazzic pot pourri* (Jazzic)

*El cisne* (C. Saint-Saens)

*Gymnopedie* (E. Satie).

##### 2ª parte

*Now is the time* (C. Parker)

*Nice work* (G. Gershwin)

*Love walked in* (G. Gershwin)

*Autum leaves* (J. Kosma)

*All the things you are* (J. Kern)

*Blue bossa* (K. Dorham)

*Windows* (C. Corea)

*In a sentimental mood* (D. Ellington)

*Someday my price will come* (F.E. Churchill).

## Dixie

### Mr. Dixie Jazz Band

**Director** Guillermo Lancelotti

**Intérpretes** Guillermo Lancelotti, trompeta; Víctor Sánchez, clarinete e saxo tenor; Diego Ruges, trombón; Juan Cabe, banxo e guitarra; Óscar Prieto, tuba; Ferdinand Lamas, batería

Jazz tradicional ao mellor estilo New Orleans, anos 30-40, teñen preferencia polo son Chicago, que foi onde naceu o jazz branco na súa mestura cos emigrantes negros procedentes de Louisiana. Tocarán temas como *Muskrat Ramble*, *Mahogany Hall Stomp* de L. Armstrong, *Barrelhouse*, *Basin Street Blues*.





## Fuera

Carmen Rey

**Directora** Carmen Rey

**Intérpretes** Carmen Rey, voz; Tito José Calviño, guitarra; Sergio Delgado, piano; Rubén Apratto, baixo; Miguel Cabana, batería

Unha das grandes voces galegas, colaboradora habitual de artistas como Xosé Manuel Budiño, Nani García ou Clunia Jazz, compaxina as súas colaboracións co seu proxecto en solitario, que marca un antes e un despois na música galega grazas á súa fusión de jazz, funk, soul e música de baile. Todas estas influencias poden apreciarse no seu disco *Fuera*, no que contou coa colaboración de importantes artistas galegos como Nani García, Roberto Somoza, Xabier Díaz ou Kim García. Ao longo da súa carreira comparte escenario con Jorge Pardo, Perico Sambeat, Richie Ferrer ou Kenny Wheeler. Actualmente atópase en proceso de gravación do seu segundo disco, con temas integramente en galego.

## Improvía

Improvía

**Director** Javier Constenla

**Intérpretes** Javier Constenla; Quique Alvarado; Luis Alberto Rodríguez

Agrupación musical dentro do género jazzístico, tocan temas propios e versións de estilos tan variados coma o funky ou o swing, tratando de achegar o jazz ao público xeral con temas como *Como Folk*, *Funkalero*...

## Miki Nervio & The Bluesmakers en concerto

### Miki Nervio & The Bluesmakers

**Director** Miki Nervio

**Intérpretes** Miguel Anxo Montes *Miki*

*Nervio*, voz e kazoo; Juan Tinaquero *Big Boino Juanjinson*, contrabaixo e baixo eléctrico; Luis Tinaquero *Slim Slide Louis*, guitarra acústica, dobro, baixo e mandolina; Alfonso Camarero *Washboard Plof*, táboa de lavar, batería e percusión

*Miki Nervio & The Bluesmakers en concerto* ofrecen ao público un repaso por temas tradicionais dentro de Blues americano de principios do século pasado, xunto con algúns temas propios, destacando de forma especial o ritmo e son do blues. O público pode escoitar en directo todos aqueles temas e sons que, dun xeito ou outro, forman parte da nosa propia vida.



## Monkillos Monkillos

**Dirección** Bi

**Intérpretes** Marcelino Galán, guitarra; Xacobe Martínez, contrabaixo; Elvis Ferreira, caixón flamenco, percusións

Nace Monkillos a medio camiño entre o universo harmónico-melódico de Thelonious Monk e o desbordamento rítmico-festivo dunha improvisada “peña” flamenca... sen pretensións pero cunha ambición enriquecedora: ofrecer unha visión diferente do gran xenio creador do século XX. A formación —Marcelino Galán, Xacobe Martínez e Elvis Ferreira— achega elasticidade e frescura a composicións xa eternas.

## No jazz

Carlos Segovia

No Jazz Trío

**Director** Carlos Segovia

**Intérpretes** Carlos Segovia, piano;

Ramón A. Rey, batería; Óscar

Rodríguez, contrabaixo

Trío de piano, contrabaixo e batería ao estilo dos tríos de Bill Evans e Keith Jarrett enlazado con outros máis modernos como o trío de Brad Mehldau e E. S. T. Trío acústico cuxo repertorio inclúe temas orixinais e arranxos de temas estándar, con influencias tanto da música clásica coma do rock.

Interpretan *All the things you are, I fall in love too easily, Green Dolphin str., You don't know what you are...* Como temas propios: *Bluesanne, Pisando hojas muertas, Réquiem 11, Perspectiva flamenca, Ingenuidad.*

## Roberto Somoza Cuarteto

Roberto Somoza

Cuarteto

**Director** Roberto Somoza

**Intérpretes** Carlos Bastón, batería;

Alfonso Morán, contrabaixo; Roberto Somoza, saxos; Manuel Gutierrez, piano

Roberto Somoza é na actualidade un dos artistas galegos con maior proxección. Excepcional frautista e saxofonista, participa como integrante en diversas formacións de corte diverso, entre as que destacan: Susana Seivane, Uxía, Clunia Jazz, Marcos Teira Cuarteto..., profundizando definitivamente no terreo do jazz máis europeo. Vén de actuar nos máis prestixiosos festivais de jazz de Galicia (Imaxinasons, Festival de Jazz de Lugo) e mesmo da península (Festival de Jazz de Donosti). Toda esta bagaxe permítelle sacar á luz o seu primeiro traballo *Regra de Tres*, publicado por Xingra e co que obtén excelentes críticas.

## **Simetrías**

### **Abe Rábade jazz**

**Intérpretes** Abe Rábade, piano e composición; Paco Charlín, contrabaixo; Bruno Pedroso, batería

#### **Programa**

*Simetrías*

*Manglares*

*Hotel Minerva*

*Bágoas de Prata*

*SCA*

*Matria de Sombra*

*Outono*

*N.Y. Dilemma*

*Zapatos de Estar*

*Tres Palabras*



## **Sol de Farofa**

### **Sol de Farofa**

**Dirección** *Sol de Farofa*

**Intérpretes** Najla Shami, voz; Héctor Lorenzo, guitarra e voz; Quim Farinha, violín

Malia do pouco tempo de existencia de Sol de Farofa, xa é toda unha realidade, como testemuñan as inmemorables críticas que reciben nos seus concertos. Un grupo que fusiona jazz, bossa nova e folk, amparándose na fantástica voz de Najla Shami, a base rítmica da guitarra de Héctor Lorenzo e a súa cálida voz e os arranxos de violín que achega Quim Farinha (compoñente de Berrogüeto). Á espera da próxima gravación do seu primeiro traballo discográfico, son unha aposta segura grazas á grande empatía que logran co público. É un espectáculo íntimo e sinxelo onde é ingrediente esencial a sensibilidade dos compoñentes e a do público, coa que trazar unha ponte que facilite a comunicación e o goce.

## Standards de jazz (anos 40-50-60)

### Jazz Vides Quarter

**Intérpretes** Guillermo Lancelotti, trompeta e fliscorno; Manito, guitarra; Carlos Martínez, baixo; Fernando Lamas, batería

Parte obrigada de todo repertorio, Jazz Vides Quarter ofrécenos temas de estándares amplamente coñecidos: *It don't mean a thing*, *Black nile*, *I got it bad*, *All of me*, *Just friends*, *Solitude*, *Don't blame me*, *mahogany hall stomp*, *Bessies's blues*, *Now's the time*, *Falling in love with love*, *Sophisticated lady*.

## Violín e Jazz

### Jazzoline Class

**Director** Nikolay Velikov

**Intérpretes** Nikolay Velikov, violín; Rupert Twine, piano

O nome de Jazzoline Class describe a historia de dous músicos profesionalmente procedentes de contornos moi diferentes e que o destino fixo que se atoparan residindo na comunidade galega. O dúo aglutina o clásico e o jazz e fai conversar ademais a tradición da formación musical da Europa do Leste coa da Oeste. Na súa actuación reviven os clásicos do jazz que comprenden os compositores máis destacados ata os anos 60, cubrindo os estilos de ragtime, New Orleans, blues, swing, bossa... Este dúo segue a tradición dos violinistas de jazz Stephane Grapelli e Joe Venuti, xa finados.

***información***

## ARTEIXO

### Centro Cívico Sociocultural

Paseo Fluvial, s/n |  
15142 Arteixo  
981 64 18 03

## FOZ

### Casa da Cultura Poeta Manuel María

Casa da Cultura  
R/ de Lugo, 1  
27780 Foz  
982 14 06 75

## GONDOMAR

### Auditorio Municipal Luís Tobío

Casa da Cultura  
R/ Manuel Alonso, s/n  
36380 Gondomar  
986 36 39 13

## RIBADEO

### Auditorio Municipal Hernán Naval

Praza de España, 1  
27700 Ribadeo  
982 12 86 50  
982 12 86 62

## SADA

### Casa da Cultura Pintor Llorens

Avda. do Peirao s/n  
15160 Sada  
981 61 91 15

## SAN SADURNIÑO

### Centro Sociocultural

Casa do Concello  
15560 San Sadurniño  
981 49 52 10

## VILAGARCÍA DE AROUSA

### Auditorio Municipal

Casa do Concello  
Praza da Ravella, 1  
36600 Vilagarcía  
986 09 92 00 ext. 136

## VIVEIRO

### Teatro Pastor Díaz

Casa do Concello  
Praza Maior, 1  
27850 Viveiro  
982 56 01 62

## XOVE

### Casa da Cultura do Centro Cívico


Camiño Real s/n  
27870 Xove Lugo  
982 59 20 72

## IGAEM

### Instituto Galego das Artes

#### Escénicas e Musicais

Rúa da Vesada s/n  
15703 Santiago de Compostela  
981 57 71 26 ext. 103  
programacion.igaem@xunta.es  
www.igaem.xunta.es



## REDE GALEGA DE TEATROS E AUDITORIOS

**Instituto Galego das Artes Escénicas e Musicais**

Rúa da Vesada s/n | 15703 Santiago de Compostela

981 57 71 26 ext. 103

[programacion.igaem@xunta.es](mailto:programacion.igaem@xunta.es) | [www.igaem.xunta.es](http://www.igaem.xunta.es)



**XUNTA DE GALICIA**  
CONSELLERÍA DE CULTURA  
E DEPORTE

**IGAEM**

**instituto galego  
das artes escénicas  
e musicais**